



Como participante nas actividades da Campaña de Verán-2018, no **Campamento Xuvenil "PONTEMARIL"**, esta xefatura territorial ten o gusto de informarte que a túa **incorporación** será **entre as 15:00 e as 17:00 horas do primeiro día** da quenda para a que obtiveches praza.

A **recollida** será o **último día** da quenda, **entre as 10 e as 12 horas** na mesma instalación.

**IMPORTANTE:** Para a **recollida do neno/a é imprescindible** cubrir o **impreso de "abandono da actividade"** que lle facilitará o responsable da instalación. No caso de que a **persoa que recolle ao neno/a non fose a mesma que o levou** o día da incorporación presentará **autorización escrita acompañada da fotocopia do DNI do autorizante e do autorizado**.

Dadas as características das actividades a realizar, aconséllase levar:

- Útiles de aseo persoal (xabón, cepillo e pasta de dentes, desodorizante, crema protección solar, etc)
- Toallas
- Niquis-camisetas
- Roupa interior
- Pixamas
- Pantalóns curtos ou bermudas
- Pantalóns de deporte
- Sudadeiras-xerseis
- Chuvasqueiro
- Calzado deportivo (que sirva no caso de choiva).
- Chancletas para a ducha
- Calcetíns
- Roupa de abrigo (forros polares, pantalóns longos, chándales...)
- Saco de durmir
- Viseira
- Traxes de baño
- Gorro de piscina
- Cantimplora e lanterna
- Mochila pequena para saídas
- Bolsa plástico (roupa sucia)
- Deterxente e pinzas roupa
- Caderno e bolígrafo
- **Medicamentos, en caso de tratamento** (entregalos ao DUE)
- Instrumentos musicais, naipes o similares
- Libros de lectura
- Casco para bicicleta

O horario básico da quenda será o seguinte:

08:30 - Erguerse e aseo persoal

09:00 - Almorzo

10:00 - Actividades

14:10 - Xantar

15:10 - Tempo libre xestionado

16:00 - Actividades

21:00 - Cea

21:30 - Tempo libre xestionado

22:10 - Velada

23:30 - Deitarse

### **INFORMACIÓN XERAL:**

<b>DATOS XERAIS:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Campamento de media montaña con capacidade para 200 prazas en tenda de campaña e albergue.</li><li>▪ Concello da histórica Terra de Montes, está bañado polos ríos Lézez e Umia.</li><li>▪ Os visitantes poderán contemplar, lugares de interese sociocultural como: Serra do Candán, a Rota das Pontes, Mosteiro de Acibeiro, Mámoas, etc.</li></ul>
<b>SITUACIÓN:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ As instalacións atópanse a 2 Km de Forcarei e 44 Km de Pontevedra.</li></ul>
<b>ACCESOS:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ Pola estrada N-542 de Pontevedra-Ourense.</li><li>▪ Ferrocarril a Pontevedra.</li></ul>
<b>ENDEREZO:</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>▪ "CAMPAMENTO XUVENIL PONTEMARIL"</li><li>▪ <u>FORCAREI (PONTEVEDRA)</u></li><li>▪ <b>Tfno.: 886.159.255</b></li></ul>

### **NORMAS XERAIS:**

1. Os participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias deste campamento.
2. Cóntase con atención sanitaria. As persoas participantes deberán levar ao campamento **as taxetas sanitarias orixinais**.
3. Para poder falar cos participantes, o horario será entre as 15:10 – 16:00 y entre 21:30 – 22:10. Neste tempo haberá unha persoa para recoller os avisos e para atender as consultas. **Tendo en conta o elevado número de xovenes e co fin de evitar que se colapsen as liñas telefónicas, debe evitarse chamar continuamente por teléfono,**
4. Ningún participante poderá abandonar o recinto do campamento sen autorización expresa do director da actividade, e sempre acompañado dos seus pais, ou persoa adulta autorizada (**fotocopia do DNI dos pais e autorización escrita**), debendo cubrir o impreso axeitado que lles será facilitado polos monitores. De tódalas maneiras, **prégase non facer visitas de non ser necesario**, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
5. Os **medicamentos** que estean a tomar os participantes, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese a ter en conta nestes días, **débase comunicar o persoal técnico da actividade**.
6. Os directores de actividades teñen prevista a organización dun "banco" de cartos e outro de móbiles.

### **QUENDAS E ACTIVIDADES:**

<b>QUENDAS</b>	<b>DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES</b>
1-08/07/2018	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ <u>ACTIVIDADES XERAIS:</u></li><li>• Piragüismo, piscina, bicicleta, muro de escalada e tirolesa, etc.</li></ul>
11-18/07/2018	<ul style="list-style-type: none"><li>➤ <u>OBXETIVOS:</u></li></ul>
21-28/07/2018	<ul style="list-style-type: none"><li>• Realizar actividades encamiñadas ao coñecemento do medio natural: sendeirismo, rutas ecolóxicas en bicicletas de montaña, etc.</li></ul>

01-12/07/2018	<ul style="list-style-type: none"><li>• Incidir na idea lúdica e formativa con outras actividades complementarias: baloncesto, balonmán, natación e actividades socioculturais.</li></ul>
17-28/07/2018	<ul style="list-style-type: none"><li>• Concienciar aos acampados sobre a importancia do coidado da natureza, así como potenciar a súa implicación na protección da mesma.</li></ul>
02-13/08/2018	<ul style="list-style-type: none"><li>• Proporcionarlle aos participantes galegos, a posibilidade de vivir un amplo espectro de experiencias distinto do habitual, participando dun estilo de vida natural.</li></ul>
17-28/08/2018	